

CRÓNICA DUN AMOR EFÉMERO

[Chronique d'une liaison passagère, Emmanuel Mouret
2022, Francia, 100 min., VOSE]

Lingua **Francés**

Dirección **Emmanuel Mouret**

Guión **Emmanuel Mouret e Pierre Giraud**

Montaxe **Martial Salomon**

Fotografía **Laurent Desmet**

Son **Maxime Gavaudan**

Elenco **Sandrine Kiberlain, Vincent Macaigne, Georgia Scalliet,
Maxence Tual, Stéphane Mercoyrol**

Produtora **Moby Dick Films**

Distribución **La Aventura**

Unha nai solteira e un home casado convértense en amantes. Comprometéronse a vivir só unha aventura clandestina con data de caducidade e a non ter ningunha esperanza no amor, conscientes de que a súa é unha relación sen futuro. Manteñen os seus sentimentos a raia con exquisita educación e filosofan sobre a súa teórica ausencia de implicación emocional. Mais, con todo, sorpréndense polo seu entendemento, a súa alquimia e o pracer de estaren xuntos.

MARZO

Martes 18 **A LUZ QUE IMAXINAMOS**

(Payal Kapadia, 2024,
India, 118 min., VOSE)

Luns 24 **CURTAS AGNÈS VARDA**

DU CÔTE DE LA CÔTE

(Francia, 1958, 25 min., VOSE)

ONCLE YANCO

(Francia, 1967, 18 min., VOSE)

ULYSSE

(Francia, 1983, 22 min., VOSE)

Martes 25 **LA MARSELLESA**

DE LOS BORRACHOS

(Pablo Gil Rituerto, 2024,
España, 96 min., VOSE)



CRÓNICA DUN AMOR EFÉMERO

EMMANUEL MOURET

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](https://www.facebook.com/cineclubepontevedra)



[CineclubPo](https://twitter.com/CineclubPo)

Coa colaboración de:



CINECLUBE PONTEVEDRA

FS #232

11.3.2025

ENTREVISTA CON EMMANUEL MOURET

O seu título anuncia unha historia de amor efémero, mais o seu filme semella estar atravesado por unha corrente continua, decote sorprendente, que xoga cun verdadeiro suspense... A idea dunha crónica atraíame, porque propón unha progresión dramática por saltos, por elipses: en cada cita dos amantes o espectador debe prestarlle atención a unha suma de pequenas cousas que evolucionan sobre a marcha e imaxinar os momentos intermedios. A palabra 'enlace' gústame moito. *Relacions perigosas* ou *Relacions secretas* son títulos moi bonitos, e atraeume a idea de engadir a noción do efémero, aínda que unha relación sexa fugaz por definición, para que o título suxira axiña o que está en xogo. Así o espectador sabe que a felicidade agasallada aos personaxes ten data de caducidade. Gustoume que o suspense estivese presente desde o propio título.

O amor está no centro dos teus filmes. Máis que o amor, teño a impresión de facer historias de desexo con obstáculos e suspenso. Así, adaptei un bosquejo do guión escrito por Pierre Giraud, escrito baixo a miña supervisión. Ante todo, interesábame a historia de dous amantes pero só a través dos seus encontros, construír o suspense en torno ás súas citas e darlle a esta pequena aventura un aspecto de grande aventura. No filme está presente esa discrepancia que existe na actualidade, pero que é de todas as épocas, entre dúas dimensións vinculadas e a miúdo confrontadas: a do pracer, porque son dous personaxes que se comprometen a verse só por pracer; e a máis espiritual, sagrada ou mística, como queiramos, a do amor, e como ambas se mesturan.

A linguaxe é fundamental no seu cinema, e neste filme en particular. Gústame a idea de que aos meus personaxes lles gusta falar tanto como facer o amor. Falar é contarse, buscarse, descubrirse nos ollos do outro. Cando nos amamos, queremos descubrir o outro e revelarnos a nós mesmos. É unha forma de expoñernos e entrelazarnos. Non obstante, nunca consigues espirite de todo, queres agradar, non queres dicir cousas ferintes... Como se absteñen de admitir que se aman, dan voltas arredor do que queren expresar. Sempre teñen coidado de non desvelar o esencial, que serían as palabras de amor.

O ton sempre no límite da comedia débese moito aos actores que escolliches, Vincent Macaigne e Sandrine Kiberlain, ou era a túa intención xogar con esta fronteira? Eu quería que fose un filme lixeiro e serio á vez. O que me seducía da parella Sandrine Kiberlain - Vincent Macaigne é que son portadores dunha verdadeira fantasía que todos coñecemos. Desde as primeiras lecturas, esta pa-

rella funcionou moi ben, tamén grazas ao contraste das súas dúas vitalidades. É moi difícil facer un casting cando só hai dous personaxes principais e estou moi contento de poder reunilos porque encarnan á vez a sinceridade e a sensibilidade, pero tamén a comicidade.

Como os dirixiu? *Crónica dun amor efémero* baséase en dúas interpretacións que impresionaron o equipo e a min mesmo no estudio. O reto para min era captar o traballo que fixeran os actores e facelo o máis fluído posible. Non quería facer un filme de cámara. Ao contrario, quería algo moi aéreo e amplo que restituíse algo da circulación dos sentimentos e os desexos, algo da grandeza da súa aventura. Utilicei moi pouco o campo e contracampo para que non nos cansáramos do vaivén repetitivo. A idea era que nunca debíamos estar realmente parados, así que os meus actores tiñan que estar sempre en movemento. Optei por planos secuencia con moito movemento, algo que me encanta facer.

Tamén tocas a cuestión do xénero. Quería manter ese elemento do guión orixinal de Pierre Giraud. Para min, a cuestión do desexo preexiste á do xénero. Nun filme, eu podo identificarme tanto cun home como cunha muller, cunha persoa homosexual ou heterosexual, cunha persoa transexual... e creo que nos identificamos co desexo e non co seu xénero.

Cales eran as túas principais intencións con respecto á posta en escena? Tiña ganas de amplitude para unha historia intimista, que esta pequena historia íntima e oculta non sexa un filme de sabas e camas. Os amantes encóntranse en varios espazos diferentes e case non os vemos sentados, excepto unha ou dúas veces quizais. Están todo o tempo en movemento, deambulando, camiñando, desprazándose, e son tamén os movementos dos seus pensamentos, das súas palabras, dos seus sentimentos, dos seus interrogantes. Eu tamén quería que eles fosen rápido e hai moitas conversas, palabras, para que o espectador estea tenso fronte a pantalla.

Os carteis de *Atormentada* (Alfred Hitchcock, 1949) e *As damas do bosque de Boulogne* (Robert Bresson, 1945) e un extracto de *Escenas da vida conxugal* aparecen fugazmente no filme. Imaxino que non é unha casualidade. Son tres filmes que teñen que ver co mesmo. *Atormentada* é un filme bastante bo coa gran modernidade da época para facer todo en planos secuencia. D'*As damas do bosque de Boulogne* eu mesmo fixen unha adaptación, *Mademoiselle de Jonquières* (2018). En canto á escena de *Escenas dunha vida conxugal*, hai un verdadeiro vínculo con *Crónica dun amor efémero* e podería chamarse *Escenas da vida extraconxugal*, xa que tamén hai escenas para dous en torno a dous personaxes.